

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004137	Ramón M <sup>a</sup> Aller Ulloa	Lalín	2020/2021

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CBIFC02	Informática de oficina	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3030	Operacións auxiliares para a configuración e a explotación	2020/2021	9	205	245
MP3030_12	Configuración de equipamentos informáticos	2020/2021	9	102	122
MP3030_22	Aplicacións ofimáticas	2020/2021	9	103	123

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÁLVARO PASCUAL FEIJOO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación asociada á función de configurar e utilizar os compoñentes software e os recursos básicos dun sistema microinformático. A definición desta función abrangue aspectos como:

- Configuración dos parámetros básicos dun sistema operativo.
- Instalación de proteccións básicas.
- Xestión de usuarios e recursos.
- Uso de recursos compartidos.
- Utilización de paquetes ofimáticos.
- Configuración de navegadores e correo electrónico.
- Utilización de servizos de internet.

A formación do módulo relaciónase cos obxectivos xerais a), d) e i) do ciclo formativo, e coas competencias profesionais, persoais e sociais a) e j). Ademais, relaciónase cos obxectivos t), u), v), w), x), y) e z), e coas competencias q), r), s), t), u), v), w) e x), que se incluírán neste módulo profesional de xeito coordinado co resto de módulos profesionais.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzaras competencias do módulo han versar sobre:

- Identificación das funcións dun sistema operativo.
- Utilización das ferramentas para o manexo do sistema de ficheiros.
- Utilización das funcións principais dun paquete ofimático.
- Navegación e procura de información.
- Manexo do correo electrónico e outros servizos de internet.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Instalación e configuración de sistemas operativos	Coñecer o contexto do sistema operativo.	50	20
2	Sistema de ficheros y operaciones básicas sobre el sistema	Xestionar os sistemas operativos Windows e Linux.	36	15
3	Uso en red del sistema operativo	Configurar os sistemas operativos nunha rede ou en local.	36	15
4	O Procesador de texto.	Creación, modificación e manipulación de documentos.	30	13
5	Aplicacións ofimáticas.	Coñecer as principais aplicacións ofimáticas.	20	8
6	Servizos básicos de Internet.	Manexar as utilidades que proporciona Internet.	18	7
7	Servizos web.	Utilizar os servizos web máis comúns.	25	10
8	Seguridade informática.	Recoñecer as principais ameazas nun sistema informático.	18	7
9	Multimedia.	Crear proxectos multimedia empregando diversos dispositivos.	12	5

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Instalación e configuración de sistemas operativos	50

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Configúranse os parámetros básicos da instalación de sistemas operativos libres e propietarios
CA1.2 Configúrase o contorno de traballo en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.3 Utilízanse os elementos da interface de usuario para preparar o contorno de traballo
CA1.4 Recoñécense as características básicas dos sistemas de ficheiros máis utilizados en sistemas operativos libres e propietarios

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemas operativos actuais libres e propietarios: requisitos técnicos do sistema operativo.
Características e funcións fundamentais dun sistema operativo.
Interface gráfica de usuario: escritorio.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Sistema de ficheros y operaciones básicas sobre el sistema	36

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Recoñecéronse as características básicas dos sistemas de ficheiros máis utilizados en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.5 Identificáronse as funcionalidades de sistemas operativos libres e propietarios para o manexo de sistemas de ficheiros
CA1.6 Identificáronse as funcionalidades de sistemas operativos libres e propietarios para o manexo de periféricos
CA1.7 Utilizáronse as ferramentas do sistema operativo para explorar os soportes de almacenamento de datos
CA1.8 Instaláronse aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.9 Realizáronse operacións básicas de protección en sistemas operativos libres e propietarios (actualizacións, instalación de antivirus, realización de copias de seguridade, etc.)

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Xestión de ficheiros e cartafóles: funcións básicas de exploración e procura.</p> <p>Arranque e parada do sistema. Sesións.</p> <p>Utilización de periféricos.</p> <p>Aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios.</p> <p>Operacións básicas de protección fronte a ataques en sistemas operativos libres e propietarios.</p> <p>Realización de tarefas básicas sobre sistemas operativos: recursos do sistema.</p> <p>Estrutura da árbore de directorios.</p> <p>Xestión de sistemas de ficheiros.</p> <p>Sistemas de ficheiros, directorios, atributos e permisos.</p> <p>Operación con ficheiros: nome e extensión, comodíns, atributos e tipos.</p> <p>Operacións máis comúns con directorios.</p>

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Uso en red del sistema operativo	36

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno de rede, identificando os permisos de usuario	SI

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicáronse preferencias na configuración do contorno de traballo
CA2.2 Creáronse, configuráronse e xestionáronse contas de usuario
CA2.3 Configurouse e comprobouse a conectividade do servidor cos equipamentos da clientela
CA2.4 Utilizáronse os servizos proporcionados polo sistema operativo para compartir recursos
CA2.5 Asignáronse permisos aos recursos do sistema que se vaian compartir
CA2.6 Accedeuse aos recursos compartidos desde os equipamentos cliente
CA2.7 Aplicáronse normas básicas de seguridade sobre recursos compartidos

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Configuración de acceso á rede a través de medios con cables e sen eles.
Xestión de usuarios e grupos en contornos de rede.
Tipos de perfís de usuario.
Usuarios e grupos predeterminados e especiais do sistema.
Compartición de recursos a través da rede.
Acceso a recursos compartidos.
Normas de seguridade sobre recursos compartidos.
Dispositivos con conexión sen fíos á rede e ao equipamento.

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O Procesador de texto.	30

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as funcións e as características dun procesador de textos en relación cos tipos de documentos que se poden elaborar
CA1.2 Realizáronse procedementos de creación, modificación e manipulación de documentos utilizando as ferramentas do procesador de textos
CA1.3 Formatáronse textos para a súa utilización en distintas situacións
CA1.4 Utilizáronse as funcións do procesador de textos para gardar e imprimir documentos elaborados

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade e uso de procesadores de textos.
Aplicación de formato a documentos.
Formatos de letras: negra, cursiva e subliñada.
Tamaños e tipo de fontes.
Numeración, viñetas, tabulacións e alíñamento de parágrafos.
Creación de táboas.
Inserción de obxectos gráficos nos documentos.
Configuración de páxina.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Aplicacións ofimáticas.	20

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.5 Realizáronse operacións básicas con follas de cálculo, sobre documentos previamente elaborados
CA1.6 Realizáronse operacións básicas con bases de datos, sobre documentos previamente elaborados

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Funcionalidade e uso de aplicacións de follas de cálculo, de bases de datos e de presentacións multimedia.



**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Servizos básicos de Internet.	18

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Utilizáronse navegadores web e recoñeceuse a estrutura de internet
CA2.2 Personalizouse o navegador adecuándoo ás necesidades establecidas

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Características e usos de internet.
Navegación pola web: descrición, configuración e funcionamento do navegador.

#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Servizos web.	25

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

#### 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Transferiuse información utilizando os recursos de internet para descargar, enviar e almacenar ficheiros
CA2.5 Describíronse as funcionalidades que ofrecen as ferramentas de correo electrónico
CA2.6 Creáronse contas de correo web
CA2.7 Utilizáronse outros servizos dispoñibles en internet (chat, foro, mensaxaría instantánea, redes p2p, videoconferencia, etc.)
CA2.8 Configuráronse as opcións básicas de diversas aplicacións web

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Buscadores: características e usos.
Transferencia de datos e información por internet.
Correo electrónico: funcionalidades e tipos.
Mensaxaría instantánea: tipos e características.
Ferramentas e usos dos outros servizos de internet: redes p2p, videoconferencias, foros e chats.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Seguridade informática.	18

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.4 Identifícaronse os medios e os procedementos de seguridade durante o acceso a páxinas web, e describíronse os riscos e as fraudes posibles

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Normas, medios e procedementos de seguridade no acceso a recursos web.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Multimedia.	12

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Identifícanse as funcións básicas de aplicacións que permitan realizar presentacións
CA1.8 Elaboráronse presentacións multimedia aplicando normas básicas de composición e deseño

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Funcionalidade e uso de aplicacións de follas de cálculo, de bases de datos e de presentacións multimedia.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

É condición indispensable para superar o módulo superar todas e cada unha das unidades didácticas que o compoñen.

### AVALIACIÓN CONTINUA:

A NOTA DE CADA UNIDADE didáctica está composta por:

- Nun 40% pola nota das actividades realizadas na clase
- Nun 60% por unha proba final de avaliación da unidade, que poderá constar de tests escritos e/ou supostos prácticos a resolver por escrito ou no ordenador.

No caso de que nunha unidade non se realice unha proba de avaliación final, a nota da unidade será a nota das actividades realizadas durante a unidade didáctica.

Para superar unha unidade didáctica, é necesario que a nota resultante da mesma sexa igual ou superior a 5.

A NOTA DE CADA AVALIACIÓN será a media ponderada das unidades rematadas ata a data de dita avaliación, excepto se hai alguna unidade suspensa. En tal caso, a nota será un 4, ou a media das unidades didácticas se ésta é menor que 4.

### AVALIACIÓN FINAL:

Trátase dunha proba teórico-práctica para avaliar tódolos resultados de aprendizaxe do módulo. A este exame poderán presentarse aqueles alumnos que perdan o dereito á avaliación continua e os alumnos que non superaran o módulo na avaliación continua. Estes últimos só se examinarán das unidades que non tiveran superado ó longo do curso.

---

Para o cálculo das notas de AVALIACIÓN e a NOTA FINAL que aparecen nos boletíns entregados aos alumnos e alumnas cada trimestre, teranse en conta as notas de tódalas unidades didácticas avaliadas ata a data e farase a media delas, aplicando a cada unha o peso que lle corresponda, tendo en conta o seguinte:

- \* Se a parte decimal da nota real é igual ou superior a 0,6 a nota do boletín será igual á parte enteira da nota real incrementada nunha unidade.
- \* Se a parte decimal da nota real é inferior a 0,6 a nota do boletín será igual á parte enteira da nota real.
- \* Se algunha unidade didáctica non estivese superada, a nota resultante sería o enteiro menor que 5 máis próximo á media de tódalas unidades.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

É indispensable para superar o módulo, superar cada unha das unidades didácticas que o compoñen. Unha unidade didáctica non está superada se a media ponderada das actividades e a proba final da unidade é menor que 5.

Durante o curso, o docente poderá realizar aquelas probas de recuperación de probas individuais ou actividades que considere oportunas. Poderá pedir unha serie de traballos e/ou actividades que permitan comprobar mellor os resultados de aprendizaxe do alumno.

O final de cada avaliación haberá unha proba de recuperación, na que o alumnado poderá examinarse da unidade ou unidades cunha nota menor que 5.

Ademáis, a fin de curso, haberá unha proba final de recuperación na que o alumnado terá a oportunidade de examinarse das unidades didácticas non superadas.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Na FP básica, segundo a orde ORDE do 13 de xullo de 2015, no artigo 20, punto 5: 5. A perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo, regulado no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria.

En caso contrario, cando o alumnado supere a idade de escolarización obrigatoria, perderá o dereito á avaliación continua se acontece a seguinte situación:

- O número de faltas de asistencia non xustificadas supera o 10% do número total de horas do módulo.

Neste caso non terá dereito de avaliarse canda os seus compañeiros nas probas establecidas ó remate de cada trimestre e deberá presentarse no mes de xuño á proba ou conxunto de probas que o profesor determine necesarias para a superación do módulo. Para acadar unha avaliación positiva o alumno deberá obter ó menos un 5 na media ponderada das probas realizadas.

Estas probas, de natureza teórico-práctica, versarán sobre os contidos tratados nas correspondentes unidades didácticas, e a súa avaliación realizarase empregando os mesmos procedementos e criterios especificados nesta programación, para os alumnos que se avalíen de xeito ordinario.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Comunicación ao alumnado dos mínimos esixibles e criterios de avaliación e cualificación

O profesor do módulo comunicará os mínimos esixibles ao alumnado na sesión de presentación do mesmo; asemade, indicará os criterios de avaliación que se aplicarán e o seu medio de cualificación.

Seguimento da programación

Unha vez ao mes, nas reunións do departamento de Informática, farase o seguimento da programación, pódose en común as incidencias acontecidas para favorecer a coordinación dos membros do departamento, e evitar duplicidades na impartición das clases, favorecendo os procesos de ensino-aprendizaxe e reflectindo o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións na acta correspondente.

Polo menos unha vez cada trimestre, o profesor realizará un informe sobre o cumprimento da programación; nestes informes indicarase o cumprimento de obxectivos, contidos traballados, resultados académicos e a temporalización.

Todas as incidencias e cambios, ao final do curso, serán reflectidos na memoria do departamento de Informática.

Ao final do curso o profesorado completará un formulario por cada grupo de alumnos aos que impartiu docencia no que se recollerán os seguintes aspectos:

Os contidos traballados e, no seu caso os motivos polos que algúns deles non se completaron.

Os obxectivos acadados.

A porcentaxe de alumnos que superan a materia.

As actividades complementarias e extraescolares realizadas e a súa valoración.

Os acordos tomados.

Toda esa información, xunto cos cambios e propostas de cambio, serán recollidos na memoria do departamento de Informática que servirá de base para a elaboración da programación do seguinte curso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A principios de curso, realizarase unha avaliación inicial para determinar a ausencia ou presenza de coñecementos previos. Consistirá nun test online e unha breve presentación de cada alumno/a na clase. En base a ela identificaranse as potenciais necesidades e realizaranse as adaptacións necesarias a esta programación didáctica. Os resultados axudarán a ter unha idea do nivel do alumnado, e axudarán a deseñar as estratexias durante o curso para a elaboración de tarefas. As valoracións que se realicen deberán ter un carácter cualitativo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O departamento de Orientación detectará, identificará e valorará as necesidades educativas especiais, e deseñará e coordinará os plans de apoio para atender á diversidade do alumnado. Como medidas de atención á diversidade adoptaranse as seguintes:

- Fomento do traballo práctico.
- Creación dun ambiente de traballo que favoreza a autonomía e o traballo en grupo. Se este clima se produce, o profesor dispón de máis tempo para identificar os alumnos que necesitan axuda e proporcionar a axuda máis conveniente en cada caso.
- Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.
- Identificación dos contidos básicos e imprescindibles para seguir progresando nos contidos complementarios.
- Metodoloxías diversas nas formas de enfocar as exposicións e as actividades.
- Actividades diferenciadas e adaptadas ás motivacións e necesidades dos alumnos.
- Actividades de reforzo en grupos pequenos.

Como medidas individuais, para os alumnos estranxeiros que descoñezan a lingua e cultura españolas, ou que presenten graves carencias en coñecementos básicos, fomentárase a lectura de libros e catálogos de carácter técnico.

Os alumnos con necesidades educativas especiais que requiran, determinados apoios e atencións educativas, específicas por padecer discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou por manifestar trastornos da personalidade, terán unha atención especializada, de acordo aos principios de non discriminación e normalización educativa. Serán distribuídos en grupos de traballo nos que os compañeiros, asesorados polo profesor, poidan axudarlles a acadar os coñecementos precisos para superar o módulo, e coa finalidade de conseguir a súa integración.

Planifícanse de xeito especial, reforzos ou actividades de recuperación se fose preciso.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Faranse respectar as normas de convivencia na aula e nos recreos e insistírase na importancia do seu cumprimento por todos os membros da comunidade educativa. Educarase nos seguintes valores:

- Tolerancia e respecto á dignidade e igualdade de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, relixión, cultura, etnia, nacionalidade, ideoloxía, lingua... e rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Respecto e cumprimento das normas de convivencia do Centro e coidado no uso das dependencias e materiais.
- Solidariedade entre todos os membros da comunidade educativa.
- Colaboración.
- Responsabilidade.
- Non violencia.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Non se prevén actividades extraescolares

### **10. Outros apartados**

#### **10.1) Medidas en caso de confinamento**

Se as circunstancias obrigan a pasar a un modo de ensino a distancia ou semi-presencial, seguirá sendo de aplicación o indicado nesta programación, utilizando as ferramentas dispoñibles: aula virtual, videoconferencia e outras ferramentas que se consideren adecuadas no seu caso.